



## Xuntanza Comisión de Persoal 4 abril 2018

O día 4 de abril celebrouse a reunión da Comisión de Persoal na que soamente se trataron os seguintes puntos, xa que os puntos relativos ao concurso de traslados da lei 17/89, á modificación da RPT da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e da Axencia Galega de Infraestruturas e o Acordo de Legoeiros foron retirados da orde do día:

**1.- Proposta de modificación da RPT da Consellería de Facenda.-** A modificación proposta pola administración consiste na apertura tamén aos corpos xerais da Subdirección Xeral de Programación Financeira do Sector Público Autonómico e de Seguimento de Políticas de Gasto (antes estaba aberta só á Escala Superior de Finanzas) e da Xefatura de Servizo de Control Financeiro de Subvencións e Fondos Agrícolas Europeos a estes corpos e a calquera das súas escalas (antes estaba aberta só ás Escalas Superior e Técnica de Finanzas) para ver se a administración as consegue cubrir. Como os cambios propostos pretenden facilitar a cobertura destes postos, dende **CCOO optamos POLA ABSTENCIÓN** e manifestamos que se debía aproveitar esta modificación para deixar sen efecto a apertura da subdirección xeral a persoal doutras administracións mentres non haxa acordos de reciprocidade coas distintas administracións e non coñezamos a porcentaxe total de postos que están cubertos por persoal doutras administracións.

**2.- Proposta de modificación da RPT da Consellería de Sanidade.-** Neste caso, a proposta da administración consiste na amortización de dous postos de traballo vacantes da Secretaría Xeral Técnica (1 Posto base do subgrupo C1 e 1 posto da Agrupación Profesional de Persoal Subalterno da Xunta de Galicia) para crear unha Xefatura de Sección (Nivel 25. Aberta aos subgrupos A1,A2,C1) que se pode cubrir por persoal da Xunta de Galicia, Estado, Comunidades Autónomas e Administración Local (A12). Neste caso, dende **CCOO VOTAMOS EN CONTRA** porque esta modificación conleva destrución de emprego público, xa que o resultado neto é de 1 posto menos, e manifestamos tamén o noso desacordo coa apertura da Xefatura de Sección a persoal da administración do Estado, CCAA e da Administración Local mentres non haxa acordos de reciprocidade coas distintas administracións, polo que solicitamos que fose exclusivamente para persoal da Xunta de Galicia

**3.- Proposta de Orde pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso na Agrupación profesional do persoal funcionario subalterno da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en prazas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.-** Polo que respecta a este punto dende **CCOO tamén optamos POLA ABSTENCIÓN** porque non se aceptou a petición que fixéramos nas nosas alegacións relativa a eliminación da parte específica do programa do *Bloque 5. Realización de recados oficiais dentro e fóra do centro de traballo* e do *Bloque 6 Información de anomalías ou incidencias no centro de traballo*.

**Santiago de Compostela**

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar  
CP 15707  
Telf. 981 551 826  
[ensino.stgo@galicia.ccoo.es](mailto:ensino.stgo@galicia.ccoo.es)

**A Coruña**

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar  
CP 15008  
Telf. 981 145 895  
[scensino.coru@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.coru@galicia.ccoo.es)

**Ferrol**

Rúa María 42-44  
CP 15402  
Telf. 981 369 336  
[scensino.ferrol@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.ferrol@galicia.ccoo.es)

**Lugo**

Rolda da Muralla 58, 4º andar  
CP 27002  
Telf. 982 221 060  
[scensino.lugo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.lugo@galicia.ccoo.es)

**Ourense**

Parque San Lázaro 12, 3º andar  
CP 32300  
Telf. 988 392 256  
[scensino.oure@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.oure@galicia.ccoo.es)

**Pontevedra**

Rúa Pasantería 1, 2º andar  
CP 36002  
Telf. 986 866 276  
[scensino.pont@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.pont@galicia.ccoo.es)

**Vigo**

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán  
CP 36212  
Telf. 986 246 847  
[scensino.vigo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.vigo@galicia.ccoo.es)

**O Barco**

Praza do Concello 2, 1º andar  
CP 32300  
Telf. 988 322 034  
[scensino.oure@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.oure@galicia.ccoo.es)

**Monforte**

Roberto Baamonde s/n  
CP 27400  
Telf. 982 401 518  
[scensino.lugo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.lugo@galicia.ccoo.es)





## Xuntanza Comisión de Persoal 4 abril 2018

**4.- Rogos e preguntas.-** Neste apartado a DXFP facilitou a seguinte información:

\* **Tribunais procesos selectivos Enxeñeiros industriais (A1) e Enxeñeiros técnicos industriais (A2).**- O pertencente a A1 xa se publicou e o do A2 está practicamente pechado, xa que houbo que resolver algún problema de última hora (renuncia dalgún membro), e de momento non pode dar unha data concreta.

\* **Plan de redución da temporalidade e buzón de postos.**- Como o II Acordo de Mellora de Emprego Público que se asinou no Estado cambiou parte dos criterios van ir avaliando os buzóns cos novos criterios e remitirán os buzóns ao longo do mes de abril.

\* **Criterios concurso de traslados funcionarios e laborais.**- Probablemente convoquen a semana que vén para falar dos criterios dos concursos. No que se refire concurso do persoal laboral manifestou que había que chegar a un acordo transitorio para deixar sen efecto o cambio de categoría para poder facer os concursos antes do proceso de estabilidade.

\* **Plan de Garantía Xuvenil.**- Neste caso quedou en preguntar como estaba o tema dos orientadores de emprego e que contestaría outro día.

\* **Aplicación Kronos centros de cultura.**- A representación da consellería indica que hai un procedemento xudicial de conflito colectivo que se está substanciando no TSXG e mentres non se resolta non vai haber ningún cambio.

\* **RPT Consorcio e Integración nas listas da Xunta.**- Están traballando neses temas para ver como poden solucionar os distintos problemas.

\* **Procesos selectivos profesores numerarios escolas náutico-pesqueiras.**- Están traballando nelas. No tocante aos temarios están revisando as alegacións e tamén informa que hai postos que tamén poderían entrar no plan de estabilidade.

\* **Apertura rexistros os sábados.**- Teñen que manterse abertos para os efectos de facilitar a información e atender aos cidadáns. Tamén di que é un tema que hai que falar coa Vicepresidencia, xa que é de quen dependen.

\* **Comisión Seguimento Acordo de Veterinarios.**- Van retomar o tema en breve

\* **Modificación RPT Medio Rural.**- Estase traballando nela.

\* **OPE 2018.**- Falarase dela no mes de maio.

\* **Decreto de funcionarización.**- Están traballando nel e contan con comezar a súa negociación antes do verán.

Ademais, como na Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Infraestruturas e Vivenda se ofertaron tres prazas en superior categoría ás que non se lles deu suficiente publicidade, desde **CCOO** fixemos un rogo e solicitamos que a publicación de procesos de cobertura de prazas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda por adscrición temporal ou superior categoría se fagan de xeito que chegue a todo o persoal mediante a súa publicación na páxina web da DXFP.

**Santiago de Compostela**

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar  
CP 15707  
Telf. 981 551 826  
[ensino.stgo@galicia.ccoo.es](mailto:ensino.stgo@galicia.ccoo.es)

**A Coruña**

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar  
CP 15008  
Telf. 981 145 895  
[ensino.coru@galicia.ccoo.es](mailto:ensino.coru@galicia.ccoo.es)

**Ferrol**

Rúa María 42-44  
CP 15402  
Telf. 981 369 336  
[scensino.ferrol@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.ferrol@galicia.ccoo.es)

**Lugo**

Rolda da Muralla 58, 4º andar  
CP 27002  
Telf. 982 221 060  
[scensino.lugo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.lugo@galicia.ccoo.es)

**Ourense**

Parque San Lázaro 12, 3º andar  
CP 32300  
Telf. 988 392 256  
[scensino.oure@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.oure@galicia.ccoo.es)

**Pontevedra**

Rúa Pasantería 1, 2º andar  
CP 36002  
Telf. 986 866 276  
[scensino.pont@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.pont@galicia.ccoo.es)

**Vigo**

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán  
CP 36212  
Telf. 986 246 847  
[scensino.vigo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.vigo@galicia.ccoo.es)

**O Barco**

Praza do Concello 2, 1º andar  
CP 32300  
Telf. 988 322 034  
[scensino.oure@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.oure@galicia.ccoo.es)

**Monforte**

Roberto Baamonde s/n  
CP 27400  
Telf. 982 401 518  
[scensino.lugo@galicia.ccoo.es](mailto:scensino.lugo@galicia.ccoo.es)

